

# INFORME DE ACTIVIDADES 2015

---

Delegación  
de Galicia



## QUEN SOMOS

### DELEGACIÓN AXUDA EN ACCIÓN GALICIA

C/ Santa Catalina, 16, 1ºD · 15003, A Coruña  
981133 737

### DELEGADA

María José Tejera Pereiras

### COORDINACIÓN

Beatriz Varela Martínez-Barbeito  
bvarela@ayudaenaccion.org



#### Colaboradores:

4.902



#### Voluntarios/as:

12



#### Outros Colaboradores:

- **Institucións públicas:** Xunta de Galicia, Deputación da Coruña, Cooperación Galega e Concello da Coruña.
- **Empresas:** Fundación Repsol, Clínica Baviera, Deloitte, Google.org, Club Financiero Atlántico A Coruña, La Caixa, Grupo Viscofan, Congrega e Cadena SER.
- **Institucións académicas:** Universidade da Coruña.

## QUE FACEMOS

### ÁMBITO EDUCATIVO

**Programa educativo Agora Toca....:** Unha rede de 16 centros de Galicia participan neste programa que fomenta a educación en valores solidarios e promove unha escola participativa.

**Semana de Acción Mundial pola Educación:** impulsada pola Campaña Mundial pola Educación (cofinanciada pola Xunta de Galicia), na edición de 2015 participaron 40 centros educativos, casi 2.000 alumnos e alumnas e 70 docentes. Desenvolvéronse, entre outras actividades:

- Seminario Internacional sobre o Dereito á Educación no Mundo.
- Xira galega en centros educativos nos que Silvio Gutiérrez (Fe y Alegría Nicaragua) e Cecilia Lazarte (CLADE) expuxeron a situación de educación no mundo.
- Acto central no Teatro Principal de Santiago de Compostela.

**Smartick:** Ferramenta online de reforzo escolar que mellora o rendemento en matemáticas de 311 alumnos, en 3 colexios; traballan a lóxica e o razoamento e melloran a súa comprensión lectora.

## PROGRAMA DE APOIO Á INFANCIA EN ESPAÑA - GALICIA



**Nº de centros educativos que participan no programa:**  
4 colexios (A Coruña).



**Población beneficiaria:** 385 nenos e nenas (axudas directas) e 1.583 (beneficiarios programa).



### Bolsas e necesidades básicas:

- Alimentación: 3,45 %
- Calzado infantil: 3,98 %
- Material escolar: 21,03 %
- Actividades extraescolares e excursións: 27,99 %
- Innovación educativa: 31,11 %
- Programas de ocio educativo e atención á diversidade: 12,44 %\*

\*13 centros escolares puideron participar en programas de ocio educativo e de necesidades de aprendizaxe especiais, a través do Concello da Coruña, con 31 bolsas.



**Proxecto GENIOS:** 2 colexios – 155 estudantes.

## EVENTOS E OUTRAS ACTIVIDADES

2015

1 OCIO E DEPORTE

2 FOROS E CONFERENCIAS



FEBREIRO



### VII Media Marathon Coruña21

(22 febreiro – A Coruña)  
Organizada polo Concello da Coruña e a Federación Galega de Atletismo. O 10 % da recadación destinouse ao Programa de apoio á infancia en España, gracias á doación do concello en colaboración con La Caixa (7.954,50€).

1

OUTUBRO



**Club Financiero Atlántico de A Coruña** (28 de outubro – A Coruña): Almorzo con empresas e entidades públicas e privadas para intercambiar información sobre alianzas estratéxicas. Co apoio da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.

2

2015



DECEMBRO



①

### Participación no X Salón de Ocio Nadalño

(26-30 decembro – A Coruña):  
Actividades e xogos relacionados co  
apadrinamento entre nenos e o fomento  
da solidariedade e educación en valores.



②

### Conferencias durante 2015:

- Traballo Fin de Grado (TFG) sobre ISE Galicia, proposta de colaboración (4 de febreiro – A Coruña): Facultade de Ciencias da Comunicación da UDC.
- Relatorio sobre Microcréditos (26 de xuño – Santiago de Compostela): IFFE Business School.
- Sustentabilidade en Iberoamérica: leccións aprendidas e desafíos de futuro (9 de abril – Santiago de Compostela): Xornadas sobre RSE de Corresponsables, na que participamos na mesa redonda sobre Grupos de interese e reflectimos a nosa experiencia en alianzas estratéxicas entre empresa, terceiro sector e administracións públicas.
- Alianzas estratéxicas (28 de abril – Santiago de Compostela): USC.
- Sesión académica “Ferramentas para a xestión de alianzas estratéxicas e medición de impacto social” (30 de abril – A Coruña): Posgrado de Responsabilidade Social da Cátedra INDITEX-UDC.

## TRABALLO EN REDE

- Coordinadora Galega de ONGD.
- Campaña Mundial pola Educación.
- Plataforma Coruñesa de Voluntariado (desde 2014).

## VOLUNTARIADO

### Oficina de voluntariado da Universidade da Coruña (UDC):

varios alumnos da universidade puideron viaxar como voluntarios, a proxectos de Axuda en Acción en países de América Latina, a través da bolsa *Proxectos de Coñecemento da Realidade*.

### Proxecto de Voluntariado da Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade da Coruña (UDC):

Un grupo de tres alumnas realizou o seu proxecto de fin de grado co obxectivo de visibilizar o traballo de Axuda en Acción en Galicia.

**Clínica Baviera:** Revisións de visión gratuítas a 368 nenos e nenas en dous dos centros educativos galegos que forman parte do Programa de apoio á infancia en España.

**Deloitte:** Os seus traballadores impartiron talleres sobre emprendemento e economía doméstica a alumnos e alumnas de Educación Primaria e Secundaria nun dos centros educativos aos que ofrece apoio Axuda en Acción en Galicia.

## INFORMACIÓN ECONÓMICA


### FONDOS RECADADOS E APLICADOS

Entidade Pública	Proxecto	Liñas de traballo	País	Cantidade
Xunta de Galicia	Xestión e gobernanza concertada dos recursos naturais, especificamente da auga, para garantir a sustentabilidade das actividades agro-productivas das familias da fronteira peruano-ecuatoriana.	· Condicións de vida saudables (abastecemento de auga) · Sustentabilidade actividades agro-productivas	Perú	<b>174.139€</b>
Xunta de Galicia	Desenvolvemento da Campaña Mundial pola Educación (CME) 2015. Participación de Axuda en Acción, Entreculturas, EDUCO, InteRed e Taller de Solidariedade.	· Educación	España	<b>34.000€</b>
Xunta de Galicia	Campaña Mundial pola Educación (CME) 2016. Proxecto presentado por Axuda en Acción en consorcio con Entreculturas, Educo e Taller de Solidariedade.	· Educación	España	<b>35.030€</b>

Entidade Pública	Proxecto	Liñas de traballo	País	Cantidade
Deputación da Coruña	Fortalecemento de capacidades locais para a prevención da enfermidade de Chagas na zona vulnerable de Huacaya do Chaco Boliviano.	<ul style="list-style-type: none"> <li>· Condicións de vida saudables:</li> <li>-Educación sanitaria</li> <li>-Prevención de enfermidades</li> </ul>	Bolivia	<b>15.000€</b>
Entidade Privada	Proxecto	Liñas de traballo	País	Cantidade
Fundación Repsol	Programa de apoio á infancia en Galicia. Curso 2014/2015.	<ul style="list-style-type: none"> <li>· Educación</li> <li>· Condicións de vida saudables</li> <li>· Desenvolvemento económico local</li> </ul>	España	<b>17.324,71€</b>

## OUTRAS EMPRESAS COLABORADORAS

Cadena SER, TVG, La Voz de Galicia, La Opinión, El Faro de Vigo, El Ideal Gallego e Radio Galega apoiáronnos coa difusión do noso traballo e campañas.



## AGRADECIMENTOS

Desde a delegación de Galicia queremos dar as grazas a todas as persoas, empresas e entidades que contribúen co seu esforzo e as súas achegas ao desenvolvemento do noso traballo e do noso labor social.

### **Entidades privadas:**

Fundación Repsol, Grupo Viscopfan, Google.org, La Caixa, Clínica Baviera, Cadena SER, Deloitte, Club Financiero Atlántico A Coruña e Congrega.

### **Institucións académicas:**

Universidade da Coruña.

### **Entidades públicas:**

Xunta de Galicia, Deputación da Coruña, Cooperación Galega e Concello da Coruña.

### **Outros agradecementos:**

Coordinadora Galega de ONGD e Federación Galega de Atletismo.

